



Lugo 2007

BASES CONVOCATORIA 2007

Fundación TIC, Deputación Provincial de Lugo, Fundación Paideia e Grupo El Progreso convocan o certame **Outra + Outra Lugo 2007**, para apoiar, incentivar e promover o labor das agrupacións musicais na provincia de Lugo.

PREMIOS¹

Establécense un total de seis premios:

- **PRIMEIRO PREMIO: "EL PROGRESO"**: Gravación e edición dun CD, que será distribuído co diario El Progreso e entrega de mil copias á agrupación.
- **SEGUNDO PREMIO: "DEPUTACIÓN PROVINCIAL LUGO"**: Gravación e edición dun CD e entrega de mil copias á agrupación.
- Do **TERCEIRO** ao **SEXTO PREMIO**: Gravación e edición dun CD e entrega de mil copias á agrupación. Concédese unha axuda do 50% sobre o custo final.

PRODUTO

- 2 sesións de gravación nun mesmo día, duración de entre tres e catro horas, para cada agrupación seleccionada, en *Estudios Mans* da **Fundación Paideia** en A Coruña.
- Mesturas, edición e masterización en sistema de gravación a disco duro en Hd3 de Protools.

PARTICIPANTES

¹ As características técnicas dos estudos, das gravacións e o custo a aboar pola terceira, cuarta, quinta e sexta agrupación premiada, poderán consultarse no taboleiro de anuncios da Fundación TIC. Na edición dos CDs manterase unha mesma imaxe corporativa definida para o programa Outra+Outra Lugo 2007.



Lugo 2007

- Poderán tomar parte no concurso bandas de música, corais, grupos de cámara, jazz e rondallas entre outras formacións musicais, sempre que estean creadas por un concello, asociación ou institución da provincia ou subvencionadas nos últimos dous anos por algunha entidade provincial. Noutro caso deberán acreditar a residencia de polo menos o 50% dos seus compoñentes na provincia de Lugo
- Cada formación musical concorrerá cunha soa obra aínda que será preciso acreditar repertorio abondo para a edición dun CD de 50 minutos de duración. Valoraranse as de creación propia.
- Deberán comparecer cos seus propios instrumentos.

REQUISITOS E PRAZOS

- Presentar currículo do grupo, título da obra a concurso, duración e cadro instrumental, así como o nome do representante ou persoa de contacto.
- Repertorio que se pretende gravar
- Compromiso de asumir o 50% do custo de gravación do CD, en caso de conseguir un dos catro últimos premios.
- Cubrir a folla de inscrición que acompaña a estas bases. O formulario tamén se pode descargar na páxina web da Fundación TIC (www.fundaciontic.org) e da Fundación Paideia (www.mans-paideia.es).
- O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto do 5 ao 31 de xullo de 2007. As solicitudes poderán presentarse na secretaría da Fundación TIC ou a través de correo electrónico.

PROBAS

Tras un proceso de preselección, as agrupacións elixidas actuarán no programa de televisión **Outra+Outra Lugo** realizado pola **Fundación TIC** e que será emitido a través de Localia **Telelugo**. Os programas gravaranse en auditorios da provincia con



lugo 2007

participación de público. Os concursantes interpretarán en directo a peza musical coa que concorran ao certame.

XURADO

O xurado estará composto por expertos e profesionais de recoñecido prestixio no ámbito musical galego e que serán designados polas entidades promotoras.

O público que asista á gravación dos programas e os telespectadores poderán emitir o seu voto *in situ* ou a través dos medios que se indiquen durante a emisión. Nas súas deliberacións, os membros do xurado terán en consideración o voto dos espectadores que representará un 25% da valoración total outorgada.

A resolución do xurado será inapelable e darase a coñecer a través de **El Progreso** e **Localia Telelugo**.

ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez finalizada a gravación e edición dos CDs realizarase un gala de televisión na que as agrupacións premiadas terán o compromiso de interpretar un repertorio seleccionado entre os temas editados no CD.

CALENDARIO PROGRAMAS E GRAVACIÓNS

A gravación dos programas de televisión realizarase no período abranguido entre o 15 de agosto e o 30 de setembro de 2007.

Os grupos premiados gravarán nos **Estudios Mans** no período abranguido entre o 1 de outubro e o 10 de novembro de 2007.